

Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Expediente: LU-11/144-EOL

Denominación do proxecto: Parque eólico Chao do Marco

Promotor: Enel Green Power España SL

Asunto: Solicitud de informe técnico

Clave: DXDM 2022/0157

ANTECEDENTES

O 11/10/2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, informe sobre o estudo de impacto ambiental do "PARQUE EÓLICO CHAO DO MARCO" situado no concello de Becerreá na provincia de Lugo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tras consulta da información achegada non se observan afeccións sobre as infraestruturas forestais que puideran impedir o correcto funcionamento das actividades de prevención ou posible extinción de incendios a executar, se ben durante a execución das obras deberá velarse porque se manteñan operativas, transitables e libres de obstáculos que puideran impedir o correcto funcionamento de ditas actividades.

A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. + 34 881 996 391
defensadomonte.mediorural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

"1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicitase unha reversión a usos anteriores non forestais.

3. En terreos afectados por incendios forestais, non poderá producirse un cambio de uso en trinta anos. Con carácter singular, poderán acordarse excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivese contemplado:

a) Nun instrumento de plan previamente aprobado.

b) Nun instrumento de plan pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública

c) Nunha directriz de política agroforestal que contemple o uso de pastos ou agrícola extensivo en montes incultos ou en estado de abandono que non estivesen arborizados con especies autóctonas."





INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas de mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais afectadas (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais,...), infórmase FAVORABLEMENTE a realización do PARQUE EÓLICO CHAO DO MARCO" situado no concello de Becerreá na provincia de Lugo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

